





ACTIVIDADES REINO ANIMAL

1. Cales son as etapas nas que se pode dividir o desenvolvemento embrionario nos animais?
2. Define morula, blástula e gástrula.
3. Diferenza entre animais diblásticos e triblásticos.
4. Que é o celoma?
5. Diferenza entre protóstomos e deuteróstomos.
6. Que tipo de simetría presentan os seguintes animais:
 - Plathelminths
 - Poríferos
 - Moluscos
 - Equinodermos
 - Cordados
7. Fai un debuxo coa estrutura corporal dunha esponxa na que aparezan todas as súas partes e os seus compoñentes.
8. Como se alimentan as esponxas? Que función realizan os amebocitos e os coanocitos?
9. Que función teñen os cnidoblastos? Quen os presenta?
10. Compara as dúas formas corporais dos cnidarios? Axúdate dun debuxo.
11. Que semellanzas e diferenzas hai entre un plathelminto, un nematodo e un anélido?
12. Que é a metamería? Que grupo de animais a presentan?
13. Enumera os diferentes grupos en que se dividen os anélidos e indica o criterio que se emprega para a súa clasificación.
14. Indica, precisando o máximo posible, a que grupo de animais fan referencia estas frases:
 - Teñen celoma, corpo brando e unha cuncha formada por dúas valvas articuladas.
 - Son acelomados, de corpo brando, alongado e plano.
 - Son celomados con simetría bilateral aínda que aparentemente a teñan radial.
 - Son celomados, de corpo cilíndrico e con metamería.
 - Son diblásticos, con simetría radial e corpo en forma de saco.
15. Crea un cadro comparativo cos diferentes grupos de moluscos (gasterópodos, bivalvos e cefalópodos) indicando as diferenzas no tipo de cuncha, no pé, na cabeza e na alimentación.
16. Debate sobre as vantaxes e os inconvenientes do exoesqueleto de quitina que presentan os artrópodos.
17. Indica as características que deberíamos observar para identificar se un artrópodo pertence a clase dos insectos, dos arácnidos ou dos crustáceos.
18. Relaciona os seguintes animais co sistema excretor que lle corresponde, indicando como é cada un deles:

a) Crustáceo	c) Insecto
b) Plathelminto	d) Anélido

19. Completa a seguinte táboa baseada nas características anatómicas externas dos diferentes grupos de artrópodos:

CLASE	Segmentos del cuerpo	Patas	Antenas	Alas
				
				
				
				

20. Que é o aparato ambulacral? Que organismos o presentan?

21. Relaciona as estruturas da columna da esquerda cun organismo da columna da dereita e realiza unha frase na que se explique a función que realizan:

Bico de papagaio

Quelíceros

Rádula

Valvas

Coanocitos

Clitelo

Lanterna de Aristóteles

Esponxa

Ourizo de mar

Polbo

Miñoca

Mexillón

Caracol

Escorpión